

Velaí ven, velaí ven avantando  
comaros e corgas, e vales, e cerros.  
¡Vinde vela, mociños e mozas!  
¡Saludaina, rapaces e vellos!  
Por onde ela pasa  
fecunda os terreos,  
espértanse os homes,  
frolecen os eidos.  
Velaí ven, velaí ven tan oupada,  
tan milagrosiña, con paso tan meigo,  
que parece unha Nosa Señora,  
unha Nosa Señora de ferro.

Neste poema chámase a todo o pobo a ir ver o tren. A súa chegada simboliza que Galiza avanzará cultural e economicamente. Compara á locomotora cunha virxe, un acontecemento milagroso.